



CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL. CONCELLO DE PONTECESURES

1. Obxecto

O concello de Pontecesures co motivo do Nadal, propón un concurso de postais de Nadal.

A proposta gañadora, pasará a formar parte da campaña municipal de Nadal.

2. Participación

Establécense dúas categorías: infantil (de 5 a 9 anos) xuvenil (de 10 a 13 anos)

Poderán participar toda a poboación do concello de Pontecesures comprendida entre **5 e 13 anos**.

3. Tema

A temática que se abordará neste concurso será o Nadal.

Non serán admitidos traballos con propostas violentas, sexistas, obscenos, xenófobas ou que atenten contra a dignidade e/ou integridade das persoas.

4. Especificacións

Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos.

Só poderá presentarse un traballo por participante.

5. Forma de entrega e prazo dos traballos.

O boquexo deberá entregarse no concello polas seguintes canles:

- Por correo electrónico: xuventude@pontecesures.org . Enviarase o traballo escaneado en cor e os datos do neno/a participante e o teléfono de contacto .
- Nas oficinas municipais: Se a entrega é presencial deberá realizarse dentro dun sobre tamaño DINA4, incluíndo os datos persoais e o teléfono de contacto das persoas participantes.

Prazo de entrega de traballos **ata o 15 de decembro ás 14.00h**.

O fallo do xurado para a selección das persoas gañadoras levarase a cabo nas dependencias do concello o vindeiro 16 de decembro ás 12:00 horas.



Os traballos non premiados poderán recollerse unha vez seleccionada a proposta, nun prazo máximo de 15 días. Os/as participantes que non recollan as súas obras, entenderase que renuncian as mesmas, podendo a administración local facer uso delas, non tendo opción de reclamación posterior por parte dos/as autores/as.

O bosquejo gañador quedará en poder da organización, o cal reserva o dereito da reprodución total ou parcial.

6. Premios

Haberá 3 premios a cada unha das categorías. Os premios serán vales de compra por valor de **60 €**, **40 €** e **25 €** respectivamente para facer compras nalgún comercio do concello

1º Premio infantil

1º Premio de xuvenil

2º Premio infantil

2º Premio de xuvenil

3º Premio infantil

3º Premio de xuvenil

7. Selección

O xurado para o fallo do concurso estará formado por persoal laboral do concello e profesionais das artes.

En todos os traballos presentados teranse en conta os criterios que se indican a continuación:

- Grao de sensibilización e implicación coa a temática a tratar.
- Calidade artística do traballo presentado.
- Orixinalidade e creatividade da obra.

O xurado emitirá o fallo do concurso por maioría dos/das integrantes, podendo declararse deserto no caso de que os bosquejos presentados non cumpran co obxecto do concurso. O fallo será inapelable.

8. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación de todo o recollido nestas bases. A organización reservase o dereito de modificalas, así como de regular calquera aspecto no contemplado nas mesmas.